

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de Alcaldía número 2024-0529, do 25 de setembro de 2024, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras para confeccionar unha listaxe para a cobertura de prazas de Auxiliar Administrativo de Administración Xeral (Subgrupo C2), como persoal funcionario interino, nos supostos regulados no art. 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo procedemento de oposición libre.

O 7 de outubro de 2024, publicouse no «Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra» número 195 o anuncio da convocatoria, publicándose as bases íntegras no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

Rematado o prazo de presentación de instancias e en cumprimento do disposto no apartado sexto das Bases que rexen o proceso selectivo, esta Alcaldía, no uso das facultades que ten atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as en dito proceso selectivo que se eleva a definitiva dado que non hai ningún aspirante excluído/a, quedando como segue:

### PERSOAS ASPIRANTES ADMITADAS

	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALONSO RODRÍGUEZ ALEXANDRE	36****16S
2	BALVÍS QUINTÁNS ÁGUEDA PAULA	77****44H
3	BANGUESES FERNÁNDEZ GABRIEL	34****43W
4	BERSANINO MARTÍNEZ CAROLINA	39****63E
5	BESADA TORRES PAULA	76****79R
6	BOLAÑO GÓMEZ SONIA	79****45E
7	BUSTABAD RODRÍGUEZ MARCOS	77****90D
8	CASTRO CORES ANA BELÉN	35****57T
9	DOMÍNGUEZ SUÁREZ LAURA	35****69B
10	FERNÁNDEZ MAGARIÑOS M <sup>a</sup> DEL CARMEN	77****88R
11	GARCÍA OTERO VIVENCIO	35****74V
12	GARCÍA QUINTÁNS CARLOS VALENTÍN	35****84J
13	GAVILANES LÓPEZ DAVID	77****81G
14	LOBATO RODRÍGUEZ BELÉN	45****99Z
15	MARTÍNEZ CONDE SARA	35****26V
16	MARTÍNEZ PEREIRA LIDIA	77****12L
17	MARTÍNEZ PÉREZ ROCÍO	77****16A
18	MOLDES OTERO MARÍA PILAR	35****73C
19	MONTAGUT ROSELLO CARLES	46****25K
20	MOTREL LEDE MARÍA DEL CANTO	35****49T



21	MURGA MASSETTI MERCEDES PILAR	77****83K
22	PADÍN GARCÍA LETICIA	35****87R
23	PALLEIRO CARBALLO VERÓNICA	76****19L
24	PEREIRA MALPICA JUAN MANUEL	52****88K
25	POMBO SOTUELA RAÚL	35****54J
26	PORTELA MAGDALENO VANESSA	78****75C
27	REY REBOLLIDO ROCÍO	35****54V
28	RIOS NUÑEZ LORENA	35****46Y
29	RODRÍGUEZ PÉREZ NIRIOXIS BELÉN	35****04M
30	SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ	76****36Z
31	SOBRAL PORTELA LORENA	77****94J
32	SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA	76****22A
33	TORRES PIÑEIRO MARTA	77****58Y
34	VÁZQUEZ LIÑEIRA JORGE	44****99B
35	VILA DIOS DIANA	76****31M

**SEGUNDO.-** Aprobar a composición do Tribunal Cualificador, como a continuación detállase, estándose en canto á abstención e recusación dos seus membros ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- **Presidente:** D. José Manuel Blanco Sanmartín, Administrativo do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- **Secretario (con voz e sen voto):** D. Roberto Carrodegas Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- **Vogal:** Dna. María Carmen Merino Moina, Secretaria-Interventora do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- **Vogal:** D. Francisco Javier Martínez Sánchez, Administrativo do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- **Vogal:** D. Ramón Fariña Barral, Auxiliar Administrativo do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.

**TERCEIRO.-** Convocar ás persoas aspirantes **ás 11:30 horas do mércores día 13 de novembro de 2024, no Edificio Multiusos do Concello de Meis (Praza de España, 18 – O Mosteiro, Meis) para a realización da proba teórica tipo test (fase oposición)** conforme ao establecido nas Bases que rexen o proceso.

Realizarase un exame tipo test, de cincuenta (50) preguntas propostas polo tribunal, con varias respostas posibles, sendo só unha delas a correcta, que versará sobre as materias e funcións propias do posto de traballo que se convoca, segundo o temario que se sinala no Anexo II das Bases.



As respostas correctas puntuarán 0,20 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. As respostas en branco non puntuarán ni restarán.

A parte das cincuenta (50) preguntas iniciais do test, existirán 5 preguntas de reserva, que deben ser contestadas polas persoas aspirantes e que se utilizarán para substituír aquelas preguntas do exame inicial que fosen anuladas polo Tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera máis dunha anulación.

Os/as aspirantes disporán de 60 minutos para a realización do exame, no que se garantirá na medida do posible o anonimato dos/as aspirantes.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos máximo, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5,00 puntos para considerar superada a proba, dado o seu carácter eliminatorio.

Os aspirantes deberán acudir co seu documento oficial de identificación (DNI, NIE, Carné de conducir, Tarxeta de residencia ou calquera outro que permita acreditar a súa identidade). Sen ela non se poderá realizar o exame. Tamén se deberá acudir con bolígrafo azul ou negro.

Unha vez comezada a proba non se poderá acceder á sala para a realización do exame, por tanto, recoméndase chegar con antelación. O resto das indicacións comunicaranse no lugar antes da realización da proba.

**CUARTO.-** Ordenar a publicación desta Resolución no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis [<http://meis.sedelectronica.gal>] e, de forma complementaria, na páxina web do Concello.

Significar que a publicación desta Resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

**QUINTO.-** Contra a presente Resolución cabe interpoñer polos interesados os seguintes recursos:

- Recurso Potestativo de Reposición, previo ao Contencioso-Administrativo, ante o mesmo órgano que ditou a resolución no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á data de notificación ou publicación da presente resolución, ou ben, directamente Recurso Contencioso-Administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte á data da notificación ou publicación da presente resolución, de acordo con o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (LJCA).

- Contra a resolución expresa do Recurso de Reposición, Recurso Contencioso-Administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á data en que reciba a notificación da resolución do recurso (artigos 123 apartado 2º e 124 LPAC e 46 LJCA).



- Se no prazo dun mes da interposición do Recurso de Reposición non recaeu resolución expresa, entenderase desestimado e poderá interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-Administrativa no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que terminase o prazo para resolver expresamente o recurso de reposición (artigos 124 e 24 LPAC e 46 LJCA).

- Todo iso, sen prexuízo de que o interesado exercite calquera outro recurso que estime pertinente (artigo 40.2 LPAC).

**SEXTO.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asina a Señora Alcaldesa, en Meis, á data da firma electrónica; do que, como Secretario-Interventor accidental, dou fe.

**ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

